

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

CÓDIGO DA SERIE: 103-223

FUNCIÓN: Administracións públicas. Xestión económico-administrativa.
Contratación e xestión económica

DENOMINACIÓN: Contas de pagamentos a xustificar da Intervención
Delegada.

ÓRGANO PRODUTOR:

Consellería de Presidencia. Secretaría Xeral Técnica. Intervención Delegada.
(01-02-1983/02-03-1986).

Consellería da Presidencia. Secretaría Xeral Técnica e de Relacións
Institucionais. Intervención Delegada.
(03-03-1986/18-11-1986).

Consellería da Presidencia. Secretaría Xeral Técnica. Intervención Delegada
(19-11-1986/15-10-1987).



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Consellería da Presidencia e Administración Pública. Secretaría Xeral
Técnica. Intervención Delegada
(16-10-1987/12-12-1993).

Consellería da Presidencia e Administración Pública. Secretaría Xeral
Técnica. Intervención Delegada
(13-12-1993/16-08-1994).

Consellería da Presidencia e Administración Pública. Secretaría Xeral.
Intervención Delegada. Servizo de Fiscalización e Contabilidade
(17-08-1994/17-12-2001).

Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.
Secretaría Xeral. Intervención Delegada. Servizo de Fiscalización e
Contabilidade
(18-12-2001/11-08-2005).

Consellería da Presidencia, Administración Pública e Xustiza. Secretaría
Xeral. Intervención Delegada. Servizo de Fiscalización e Contabilidade
(12-08-2005/02-02-2011).

Arquivo de Galicia. Identificación e avaliación de series documentais.
ADMINISTRACIONES PÚBLICAS
8: Rexistro xeral de entrada de documentos





IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral Técnica. Intervención Delegada. Servizo de Fiscalización e Contabilidade (03-02-2011/).

DATAS EXTREMAS:

1983/

No Arquivo de Galicia. Tambre: 1983/1991

CARACTERES EXTERNOS:

CLASE: Textual.

SOPORTE: Papel.

FORMATO: Expediente.

FORMA: Orixinal.

VOLUME: 164 unidades de instalación / 23, 42 m.l.

DEFINICIÓN DO CONTIDO:

Arquivo de Galicia. Identificación e avaliación de series documentais.

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

8: Rexistro xeral de entrada de documentos





IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Son expedientes xerados periodicamente polos pagadores habilitados da Consellería de Presidencia ou órgano que a sucedese no proceso de xustificación, de acordo co réxime de contabilidade pública, dos fondos librados con este carácter ao seu favor para atender os gastos que no momento de recoñecer a súa obriga de pago non se puideron acompañar dos documentos acreditativos pertinentes, con cargo a aquelas aplicacións orzamentarias que así se estableza legalmente (normalmente, de funcionamento ou de partidas concretas do capítulo de investimentos).

LEXISLACIÓN:

Autonómica

Leis anuais de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e leis de medidas fiscais e orzamentarias.

Lei 3/1984, de 3 de abril, de xestión económica e financeira pública de Galicia (DOG núm. 113, do 13 de xuño de 1984).

Orde 26 de abril de 1984, pola que se aproban as instrucións provisionais para execución e control do presuposto (DOG núm. 144, do 28 de xullo de 1984).





IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Decreto 51/1985 do 21 de marzo sobre situación e dispoñibilidade de cantidades libradas en firme e a xustificar (DOG núm. 76, do 20 de abril de 1985).

Decreto 96/1985, do 23 de maio, polo que se suspende transitoriamente a vixencia da disposición transitoria do decreto 51/1985, do 21 de marzo (DOG núm. 101, do 28 de maio de 1985).

Circular 6/1986, do 28 de novembro, da Intervención Xeral, sobre tramitación de documentos contables e exercicio da función interventora (DOG núm. 10, do 16 de xaneiro de 1987).

Orde do 26 de decembro de 1986, pola que se aproba a Instrución provisoria de contabilidade do gasto público da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 8, do 14 de xaneiro de 1987).

Orde do 1 de decembro de 1989 pola que se implanta un novo sistema de información contable na Administración da Xunta de Galicia (DOG núm. 238, do 14 de decembro).

Orde do 17 de maio de 1990 pola que se regula a expedición de ordes de pagamento para xustificar con cargo ao presuposto de gastos da Consellería





IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

de Economía e Facenda (DOG núm. 105, do 31 de maio. Corrección de erros DOG núm. 119, do 20 de xuño de 1990).

Lei 11/1992, de 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia (DOG núm. 200, do 14 de outubro. Corrección de erros DOG núm. 220, do 11 de novembro).

Orde do 26 de febreiro de 1993 pola que se regula a expedición de ordes de pagamento para xustificar (DOG núm. 45, do 8 de marzo. Correccións de erros DOG núm. 49, do 12 de marzo e DOG núm. 102, de 1 de xuño de).

Circular do 28 de outubro de 1993, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, referente ás instrucións sobre remisión ó Consello de Contas de Galicia dos documentos contables e os seus xustificantes tramitados polos centros xestores do presuposto de gastos (DOG núm. 227, do 25 de novembro).

Orde do 8 de abril de 1994 pola que se actualizan as aplicacións orzamentarias comprendidas na Orde do 26 de febreiro de 1993 que regula a expedición de ordes de pagamento para xustificar (DOG núm. 73, do 26 de abril de 1994. Corrección de erros núm. 87, do 6 maio de 1994).





IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Orde do 14 de xuño de 1999 pola que se modifica o anexo da Orde do 26 de febreiro de 1993 pola que se regula a expedición de ordes de pagamentos para xustificar, actualizada pola Orde do 8 de abril de 1994 (DOG núm. 124, do 30 de xuño).

Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG núm. 214, do 5 de novembro de 1999. Corrección de erros DOG núm. 218, do 11).

Orde do 23 de novembro de 1999 sobre o exercicio da función interventora polo procedemento de mostraxe (DOG núm. 235, do 7 de decembro).

Orde do 23 de novembro de 1999 pola que se modifica a do 1 de decembro de 1989 pola que se implanta un novo sistema de información contable na Xunta de Galicia (DOG núm. 234, do 3 de decembro).

Circular do 9 de decembro de 1999 da Consellería de Economía e Facenda pola que se ditan normas relativas á documentación que se lle deber render ó Consello de Contas (DOG núm. 248, do 27 de decembro).





IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Orde do 30 de xuño de 2000 pola que se actualizan as aplicacións orzamentarias comprendidas na Orde do 14 de xuño de 1999, para a expedición de pagamentos para xustificar (DOG núm. 138, do 17 de xullo).

Orde do 27 de abril de 2005 pola que se actualizan as aplicacións orzamentarias comprendidas na Orde do 14 de xuño de 1999, para a expedición de pagamentos para xustificar (DOG núm. 86, do 5 de maio).

Orde do 26 de setembro de 2006 pola que se modifica a Orde do 26 de febreiro de 1993 pola que se regula a expedición de ordes de pagamento para xustificar (DOG núm. 196, do 10 de outubro de 2006. Correccións de erros DOG núm. 212, do 3 de novembro de 2006 e DOG núm. 219 do 14 de novembro).

Resolución do 14 de maio de 2007, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, pola que se actualiza o anexo previsto na Orde do 26 de febreiro de 1993, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se regula a expedición de pagamentos para xustificar (DOG núm. 105, do 1 de xullo).

Resolución do 27 de setembro de 2007, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, pola que se actualiza o punto segundo do anexo previsto na Orde do 26 de febreiro de 1993 pola que se regula a expedición





IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

de ordes de pagamento para xustificar (DOG núm. 202, do 18 de outubro de 2007. Corrección de erros DOG núm. 217, do 9 de novembro).

Resolución do 20 de xuño de 2008, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, pola que se actualiza o punto segundo do anexo previsto na Orde do 26 de febreiro de 1993, pola que se regula a expedición de ordes de pagamento para xustificar (DOG núm. 169, de 2 de setembro).

Lei 3/2009, do 23 de xuño, pola que se modifica o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG núm. 126, de 30 de xuño).

Resolución do 31 de xullo de 2009, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, pola que se actualiza o punto segundo do anexo previsto na Orde do 26 de febreiro de 1993, pola que se regula a expedición de ordes de pagamento para xustificar (DOG núm. 151, de 4 de agosto. Corrección de erros DOG núm. 177, de 9 de setembro).

Resolución do 22 de marzo de 2010, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, pola que se actualiza o punto segundo do anexo previsto na Orde do 26 de febreiro de 1993, pola que se regula a expedición de ordes de pagamento para xustificar (DOG núm. 73, do 20 de abril).





IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Resolución do 1 de abril de 2011, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, pola que se actualiza o punto segundo do anexo previsto na Orde do 26 de febreiro de 1993 pola que se regula a expedición de ordes de pagamentos para xustificar (DOG núm. 82, de 28 de abril).

PROCEDEMENTO:

A rendición de toda clase de contas debe realizarse a través da Intervención Xeral e, previamente, das intervencións delegadas de cada consellería.

No sistema de gastos a xustificar, as ordes de pago líbranse con carácter previo de forma periódica e logo se xustifican dunha vez todos os gastos xerados en virtude de cada unha das ordes particulares.

A aprobación ou reparo da conta realízase no curso do mes seguinte á achega dos documentos xustificativos. Así pois, o procedemento comprende:

- Ata 1986, as contas, elaboradas nas habilitacións de cada consellería e acompañadas dos documentos orixinais pertinentes que as xustificaban, eran remitidas periodicamente ás intervencións delegadas para a súa fiscalización e aprobación (prazo xeral de tres meses tralo ingreso dos fondos, máximo de seis, e para os libramentos expedidos durante o último trimestre de cada exercicio





IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

con anterioridade á finalización do primeiro mes natural do exercicio seguinte).

- Fiscalización (pode realizarse mediante mostraxe) de conformidade ou formulación de reparo.
- Remisión das contas e os seus xustificantes á Tesourería da Xunta para o seu pagamento.

Dada a periodicidade do libramento dos pagos para esta clase de gastos, e a axilidade que demanda o sistema, a conta e a orde de pagamento a xustificar para cada período acompañábase da xustificación da provisión do período anterior.

- Desde 1986 (Lei de Orzamentos, DOG núm. 214, do 3 de novembro), as intervencións puideron librar as ordes de pagamento por medios informáticos, de modo que a documentación xustificativa quedaba no seu poder para a súa remisión ao Tribunal de Contas ou, en xeral (como se di na Lei 11/1992), para a súa inclusión, se é o caso, na Conta Xeral da Comunidade Autónoma ou para a súa posta a disposición dos órganos de control competentes.
- A circular do 28 de outubro de 1993 dispuxo que, “con carácter xeral”, o centro xestor correspondente “non xuntará ningún xustificante aos documentos contables dos pagamentos librados





IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

“para xustificar”, salvo no caso daqueles expedientes cuxos pagamentos non se librasen con “periodificación trimestral”.

- En 1999, o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia estableceu a intervención limitada, non previa, sobre os gastos obxecto das ordes de pagamento a xustificar, e outra posterior, plena, sobre unha mostra significativa. A Orde do 23 de novembro dese mesmo ano, que modificou a de 1 de decembro de 1989, sinalou ademais que os xustificantes das ordes de pagamento a xustificar debían quedar nas dependencias da Administración á disposición do Consello de Contas. Máis en concreto, a circular de 9 de decembro de 1999 sinalou que “as intervencións conservarán un exemplar cotexado dos documentos contables e da relación dos xustificantes que compoñen cada unha das contas xustificativas, e que outro exemplar da relación será remitido xunto cos xustificantes á secretaría correspondente, que procederá ó seu arquivo.

DOCUMENTOS QUE FORMAN A UNIDADE DOCUMENTAL:

- Contas rendidas polos habilitados.
- Copias cotexadas e orixinais múltiples de documentos contables de gasto.
- Relación dos xustificantes que compoñen cada unha das contas.





IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Ata fins de 1993: Documentación xustificativa e acreditativa dos gastos realizados (facturas, "recibíns", certificacións de servizos realizados, contas individuais de indemnizacións por razóns de servizo, documentación bancaria xustificativa das transferencias realizadas aos acredores, listados de perceptores, documentos acreditativos dos pagos...).

ORDENACIÓN

Cronolóxica – numérica.

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN/CONTROL

Base de datos do AXXG *PR-CTD(77-96)94-98*

ÁREA DE VALORACIÓN

VALOR ADMINISTRATIVO:

5 anos como prazo xeral, en concordancia coas leis de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. A aqueles expedientes sometidos a calquera tipo de reclamación ou recurso non se lle aplicará este prazo xeral de 5 anos.

VALOR LEGAL-XURÍDICO:

Arquivo de Galicia. Identificación e avaliación de series documentais.

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

8: Rexistro xeral de entrada de documentos



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Ten a mesma vixencia que o valor administrativo, de acordo co que establece as normas que se citan e co que dispón o Código Civil, no seu artigo 1966 (prescriben aos 5 anos as *accións para esixir o cumprimento das obrigas [...] de pagos que deban facerse por anos ou en prazos máis breves*).].

A aqueles expedientes sometidos a calquera tipo de reclamación ou recurso non se lle aplicará este prazo.

VALOR INFORMATIVO-HISTÓRICO:

Non se considera que a serie teña nin poida adquirir valor como fonte para estudos históricos alén do valor testemuñal, dado que se conta con series e con ampla información sobre a execución do orzamento de gastos, e dada a documentación que forma as unidades documentais e o tipo de gastos a que esta obedece (reparacións, prensa e outras publicacións, luz e auga, de comunicacións, combustible, transporte, axudas de custo...).

SERIES RELACIONADAS:

SERIES PRECEDENTES:

SERIES PARALELAS:

SERIES SUBORDINADAS:

Arquivo de Galicia. Identificación e avaliación de series documentais.

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

8: Rexistro xeral de entrada de documentos



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

SERIES DUPLICADAS:

- Conta de pagos a xustificar da habilitacións.

SERIES DESCENDENTES

DOCUMENTOS COMPILADORES:

- Libros rexistro dos habilitados (de cheques expedidos, auxiliares de contas correntes de pagamentos a xustificar, rexistro de ordes de pagamento a xustificar).
- Contas xerais da Administración.
- Libros de contabilidade (Diario de operacións, Libro maior por conceptos, Inventario de interesados, etc.).

ESTIMACIÓN DA FRECUENCIA DE CONSULTA:

PRAZO DE TRANSFERENCIA:

Ao Arquivo central ao ano da finalización do exercicio orzamentario ao que correspondan.

RÉXIME DE ACCESO:



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Acceso restrinxido, de acordo co art. 37 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e os artigos 10 e 11 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

ÁREA DE SELECCIÓN

REFERENCIAS AO DITAMINADO POR OUTRAS COMISIÓNS DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL:

COMUNIDADE	DENOMINACIÓN DA SERIE	PRODUTOR	DITAME	NOTAS
ARAGÓN	Anticipos de caixa fixa / Pagos a xustificar		Eliminación total aos 15 anos.	
CANARIAS	Pagos a xustificar	Consellería: Todas. Centro Directivo: Viceconsellería / Secretarías Xenerais Técnicas / Centros Directivos. Unidade Administrativa: Unidades Administrativas con funcións de habilitación de pagamentos.	Eliminación total aos 5 anos.	Función: pagar os xustificantes que teñan o carácter de "a xustificar" e rendición posterior da conta xustificativa.
CASTELA E LEÓN	Contas de pagos a xustificar	Consellería de Facenda. Intervención	Eliminación Parcial. Selección por mostraxe dos anos completos rematados en 1 e	Aplicable a: Intervencións Delegadas nas Consellerías, Delegacións

Arquivo de Galicia. Identificación e avaliación de series documentais.

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

8: Rexistro xeral de entrada de documentos



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

COMUNIDADE	DENOMINACIÓN DA SERIE	PRODUTOR	DITAME	NOTAS
		Xeral.	en 6 unha vez transcorrido o prazo total de 20 anos. [1986/1991/1996...]. As notas de reparos poderán ser eliminadas nun prazo de cinco anos polo propio órgano xestor, principalmente se forman unha subserie arquivada á parte. Esta Regra aplicarase á documentación a partir de 1984, dado que as posibles fraccións do ano 1983 poderían levar unha única numeración e incluír documentos do Consello Xeral de Castela e León, xa declarados históricos.	Territoriais e Organismos Autónomos.
CATALUÑA	Xustificantes das ordes ou mandamentos de pagamento a xustificar	Departamento de Economía e Finanzas	Conservación da serie quince anos dende a data do documento. Unha vez esgotado este prazo, aplicación dunha mostraxe cronolóxica pola cal se conservarán os documentos dos anos acabados en 1 e 6, empezando dende o ano 1981.	Función administrativa: Xustificación posterior á Ordenación dun pagamento. Documentos que forman o expediente: Orixinal de documento J (xustificación de pagamento); Copia de mandamento de pagamento a xustificar (documento ADOPJ)
	Mandamentos de pagamento a xustificar (ADOP-J)	Generalitat de Catalunya	Conservación dos expedientes 15 anos dende a data do documento. Unha vez esgotado este prazo, aplicación dunha mostraxe cronolóxica pola cal se conservarán os documentos dos anos acabados en 1 e en 6	Función administrativa: Documentos de control que se xeran á Habilitación para xustificar os pagamentos de carácter esporádico no momento en que gastan
VALENCIA	Fondos que hai que xustificar	Intervención Xeral / Delegadas	Conservación permanente da documentación orixinal. Elimínanse as copias que poidan existir nos diferentes servizos da Administración.	Función: Xustificación posterior ao ordenamento dun pago. Documentos que forman o expediente: Facturas pro forma, Documentos contables ADOK-J; Conta

Arquivo de Galicia. Identificación e avaliación de series documentais.

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

8: Rexistro xeral de entrada de documentos





IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

COMUNIDADE	DENOMINACIÓN DA SERIE	PRODUTOR	DITAME	NOTAS
				xustificativa de fondos librados que hai que xustificar

PROPOSTA:

De acordo co exposto na área de Valoración, propónse a eliminación total no Arquivo Central aos 5 anos despois do ingreso dos expedientes.

ÁREA DE NOTAS

- IDENTIFICACIÓN. Definición do contido: con carácter xeral, os fondos librados "a xustificar" librábanse con cargo ás aplicacións orzamentarias do Capítulo II da clasificación económica do orzamento de gastos, excepto os referidos ao concepto 227 para "traballos realizados por outras empresas" e dos capítulos IV e VII, artigos 48 e 78 para "transferencias a familias e institucións sen fin de lucro", así como con carácter particular programas e conceptos específicos do capítulo VI e do concepto 227.





IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

O artigo 77. 6 da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia aclara que “non terán a condición de pagamentos por xustificar as provisión de fondos de carácter permanente que se realicen a pagadorías, caixa e habilitacións para a atención de gastos periódicos ou repetitivos. Estes anticipos de caixa fixa terán a consideración de operacións extrapresupostarias e a súa contía global non poderá exceder do 10% do capítulo destinado a gastos correntes en bens e servizos do presuposto vixente en cada momento”.

ÁREA DE CONTROL

DATA DE ELABORACIÓN: decembro de 2011.

REVISIÓN: novembro de 2013.

